

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A materia de Debuxo Técnico aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.

A materia de Debuxo Técnico potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.

O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

Un dos bloques da materia está adicado a familiarización cos medios dixitais de representación, que son os empregados no eido profesional. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades como unha maior precisión, axilidade na busca de solucións, facilidade de transmisión e almacenamento do traballo entre outros .

Os criterios de avaliación son o elemento curricular que serve para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e fórmulanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:

No bloque de Fundamentos xeométricos o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.

No bloque de Xeometría proyectiva preténdese que o alumnado adquiera os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretalas para a súa execución. empregando os diversos sistemas de xeometría descritiva.

No bloque de Normalización e documentación gráfica de proxectos dótase o alumnado dos coñecementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.

Por último, no bloque de Sistemas CAD preténdese que o alumnado aplique as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador; o seu desenvolvemento, xa que logo, débese facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos

obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador.
- A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan ou traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Elementos xeométricos fundamentais	Lugar, punto, recta e plano. Segmentos, ángulos e a circunferencia.	3	10	X		
2	Formas poligonais	Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Igualdade e equivalencia.	10	15	X		
3	Transformacións xeométricas	Transformacións isométricas, isomórficas e anamórficas.	7	10	X		
4	Tanxencias e enlaces	Tanxencias con rectas e circunferencias. Enlaces. Elementos radicais.	10	15	X		
5	Curvas técnicas ou xeométricas	Óvalo e ovoide. Espiral. Elipse, parábola e hipérbola.	4	5	X		
6	Fundamentos dos sistemas de representación	Sistema diédrico, axonométrico. Perspectiva cabaleira e cónica.	2	2		X	
7	Sistema diédrico	Representación: punto, recta e plano. Abatimentos e xiros.	30	35		X	
8	Sistema de planos acoutados	Acoutación e croquis.	1	2		X	
9	Sistema axonométrico	Recta e plano. Interseccións, abatimento. Paralelismo e perpendicularidade. Tipos axonometrías.	15	20			X
10	Sistema cónico	Perspectiva central e oblícuca.	15	20			X
11	Normalización	Líneas. Formatos. Rotulación.	3	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Elementos xeométricos fundamentais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Realiza operacións con segmentos: suma, resta e multiplicación Traza de perpendiculares e paralelas co compás Teorema de Thales Construción de ángulos co compás Rectificación dunha circunferencia, dunha semicircunferencia, dun cuarto de circunferencia e dun arco menor que 90º	PE	70
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Coñece os eidos profesionais nos que o debuxo técnico é unha ferramenta imprescindible. Coñece as ferramentas empregadas no debuxo técnico. Coñece o léxico básico do debuxo técnico.	TI	30
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Orixe da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. - Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
2	Formas poligonais	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Aplica os seguintes conceptos á construción de formas poligonais: - Teorema de Thales - Trazado de paralelas, perpendiculares e ángulos co compás - Arco capaz	PE	100
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Traza triángulos e cuadriláteros a partir de diverso datos coñecidos. Traza polígonos regulares a partir do lado ou inscritos na circunferencia, aplicando os métodos particulares e os métodos xerais.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	Transformacións xeométricas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Transformacións isométricas: igualdade, xiro, traslación e simetría Transformacións isomórficas: semellanza e homotecia Transformacións anamórficas: equivalencia	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
4	Tanxencias e enlaces	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Tanxencias entre recta e circunferencia Tanxencias entre circunferencias Tanxencias simultáneas entre rectas e circunferencias (aquelas que se poden resolver sen empregar os conceptos de pontencia e inversión)	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
5	Curvas técnicas ou xeométricas	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Aplica os procedementos de resolución de tanxencias para trazar óvalos, ovoides e espirais	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
6	Fundamentos dos sistemas de representación	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Coñece os fundamentos dos diversos sistemas de representación: diédrico, axonometría e cónica; e pode representalos graficamente con rigor, claridade e precisión.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fundamentos da xeometría proxectiva.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistema diédrico	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Representación de punto, recta e plano Condicions de pertenza entre elem. xeométricos básicos Intersección entre recta e plano, e entre planos. Paralelismo e perpendicularidade entre elementos xeométricos básicos (recta e plano) Distancias entre elementos xeométricos básicos (punto, recta e plano)	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.
- Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema de planos acoutados	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Sabe interpretar planos con curvas de nivel: topográficos Elabora planos sinxelos con curvas de nivel	TI	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistema axonométrico	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Representa figuras básicas en sistema axonométrico	PE	70
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Crea figuras planas e tridimensionais sinxelas mediante programas de debuxo vectorial (FreeCad)	TI	30
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Crea pezas sinxelas en 3D aplicando operación alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Utiliza o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na resolución de traballos realizados con CAD		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano. - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema cónico	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Realiza perspectivas cónicas con un e con dous puntos de fuga, empregando na súa resolución o método das prolongacións e o método dos puntos métricos.	PE	70
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Crea figuras planas e tridimensionais sinxelas mediante programas de debuxo vectorial (FreeCad)	TI	30
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Crea pezas sinxelas en 3D aplicando operación alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Utiliza o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na resolución de traballos realizados con CAD		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua. - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

UD	Título da UD	Duración
11	Normalización	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Aplica os conceptos básicos da xeometría plana na realización de proxectos	TI	100
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Realiza vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Presenta as láminas e as probas escritas con rigor gráfico, claridade e precisión		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Emprega o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

1. Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas: combinar traballo individual e cooperativo, aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas:

- Suscitar, na medida do posible, actividades con fins creativos.
- Manter algún elemento ou dato á libre elección do alumno.
- Potenciar a interacción entre os alumnos, a fin de lograr que uns aprendan doutros, baixo a supervisión do

profesorado.

- A secuenciación gradual dos contidos en función do grado de dificultade, partindo sempre dos de menor grado de dificultade e terminando cos que esixen un maior grado de atención e destreza.
- Os contidos deberán ser significativos.
- A retroalimentación do sistema, aspecto sempre a ter en conta para saber que aprenden os alumnos e en que grado fano. Fuxir das clases magistrais, nas que o alumnado se convérte nun mero receptor, e fomentar a participación do alumnado.
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de bocexos, croquis e planos acoutados.
- Análise de documentación técnica e obras de arte, deseño industrial, etc
- Resolución de problemas
- Realización de exposicións públicas
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: traballos, exercicios, proxectos, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

1. Agrupamentos:

Non son necesarios. O reducido número de alumnado fai que as clases sexan moi personalizadas e dinámicas, permitindo unha grande interacción entre os alumnos/as e tamén co profesor. En 1º BAC os grupos está formado por 11 e 16 alumnos, respectivamente.

2. Tempos:

A asignatura de Debuxo Técnico conta con catro sesións semanais, de 50 min. cada unha. O número, aproximado, de sesións por avaliación é o seguinte:

- 1ª Avaliación: 55
- 2ª Avaliación: 40
- 3ª Avaliación: 45

Temporalización dos contidos correspondentes ao Bloque 4 - Sistemas CAD:

Para desenvolver os contidos asociados a este bloque é necesario dispor dunha sala de ordenadores. Estas adoitan estar moi demandadas no noso centro educativo, porque son escasas. Polo tanto, para minimizar o número de sesións nas que necesitaremos empregar a sala de ordenadores, decidimos concentrar o desenvolvemento deste bloque de contidos exclusivamente en dúas unidades didácticas: sistema axonométrico e sitemá cónico, que son moi acidas para o traballo con programas CAD e se imparten só no terceiro trimestre.

3. Espazos:

Ensinanza presencial:

As sesións desenvolveranse na aula de plástica, que está dotada de mesas de debuxo e do material necesario para traballar adecuadamente os contidos da materia: pizarra branca, ordenador, proxector, pantalla de proxección, etc... Trátase dunha aula moi ampla, cunha iluminación natural deficiente, que se suple coa iluminación artificial.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
22 mesas de debuxo de 1, 20 x 0.80 m
1 pizarra branca de 2,40 x 1,20 m
1 pantalla de proxección
1 canón de proxección
1 ordenador portátil
8 ordenadores de sobremesa para o alumnado
3 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra
1 cortizo
15 cabaletes
1 tórculo
10 tornetas para modelar
3 vertedoiros con auga corrente
Opcional: Libro Debuxo Técnico 1 (Dixital) (2022)
Programas LibreCAD y FreeCAD

MATERIAIS

A aula está dotada cos seguintes elementos:

- 24 mesas de debuxo de 1,20x0,80 m.
- 1 pizarra branca de 2,40 x 1,20m
- 1 pantalla de proxección
- 1 canón de proxección
- 1 ordenador portátil
- 8 ordenadores de sobremesa para o alumnado
- 3 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra.
- 1 cortizo
- 15 cabaletes
- 1 tórculo

- 10 tornetas para modelar
- 3 vertedoiros con auga corrente

Ademáis, na aula haberá sempre a disposición do alumnado material funxible: folios, material de debuxo técnico, lápices, lápices de cores, ceras, rotuladores, pegamento, pinces, témperas, acrílico, etc.

A maiores do material do centro, os alumnos deberán dispoñer de material propio: folios e utensilios de debuxo técnico (escadra, cartabón, regra milimetrada, compás, lápices 2H e 2B, goma, etc.)

No necesitarán libro de texto.

RECURSOS DIDÁCTICOS

1. Opcionalmente, como complemento aos apuntamentos da clase, o alumnado poderá mercar o libro dixital Debuxo Técnico 1 da Editorial Casal, ISBN 978-84-218-7792-0. Licencia digital on-line para el portal www.ecasals.net, válida ata o 30/09/2023.

2. LibreCAD é unha aplicación informática de código libre de deseño asistido por computadora (CAD) para deseño 2D. Funciona nos sistemas operativos Microsoft Windows, MacOS, GNU/Linux, y Solaris.

FreeCAD é un CAD paramétrico que utiliza parámetros para definir os seus límites ou accións. No deseño paramétrico cada elemento do debuxo é tratado como un obxecto, no cal non é definido unicamente polas súas coordenadas espaciais (x, y, z), senón tamén polos seus parámetros, xa sexan estes graficos ou funcionais.

3. Diversas páxinas web de debuxo técnico

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao comezar o curso académico, no mes de setembro.

Realizarase unha proba relacionada cos estándares de aprendizaxe do curso anterior.

No caso de 1º Bac, a proba versará sobre os contidos do Bloque 3. «Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño» da materia "Expresión Artística", de 4º ESO

Tamén se realizará unha enquisa para saber por que o alumnado escolleu a materia Debuxo Técnico I e que proveito pode ter esta nas súas aspiracións profesionais futuras.

Hai que ter en conta que non todos os alumnos que cursen Debuxo Técnico 1 cursaron previamente "Expresión Artística", xa que esta é unha materia optativa

A información recabada na avaliación inicial será trasladada ao titor do grupo de referencia, e este, á súa vez, informará a familia cando esta o solicite

Os resultados teránse en conta para comezar o curso con contidos adaptados ao nivel do alumnado, de tal xeito que a aprendizaxe sexa significativa para eles.

Esta proba inicial só terá carácter orientativo sobre o nivel real do alumnado e a súa capacidade de expresión gráfica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	7	10	4	2	30	1	15	15
Proba escrita	70	100	100	100	100	0	100	0	70	70
Táboa de indicadores	30	0	0	0	0	100	0	100	30	30

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	100
Proba escrita	0	84
Táboa de indicadores	100	16

Criterios de cualificación:

TEMPORALIZACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS

- 1ª Avaliación:

Proba 1: uds. 1, 2, 3

Proba 2: uds. 4, 5

- 2ª Avaliación:

Proba 3: ud. 7

Proba 4: ud. 7

- 3ª Avaliación:

Proba 5: ud. 9

Proba 6: ud. 10

NOTA DE CADA AVALIACIÓN = (prácticas x 0,2) + (probas escritas x 0,8)

- Prácticas (láminas): 20% da nota de cada avaliación.

As prácticas puntuaranse de cero a dez puntos.

A nota global das actividades de cada avaliación será a media aritmética das mesmas.

- Probas escritas: 80% da nota de cada avaliación

A nota global das probas escritas será a media aritmética das cualificacións de todas elas. Puntuaranse de cero a dez puntos.

Será necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 para poder aprobar cada avaliación

NOTA DA AVALIACIÓN ORDINARIA = media aritmética das tres avaliacións

A nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Será necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 para poder aprobar a avaliación ordinaria.

LEI DO REDONDEO

Na nota de cada avaliación e da avaliación ordinaria aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima sexa inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima sexa igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

Cráterios de recuperación:

1. RECUPERACIÓN DUNHA PROBA NON SUPERADA As probas non se recuperan individualmente, senón por avaliacións 2. RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN No caso de non ter superada a avaliación a causa das probas escritas, o alumno/a deberá facer unha proba escrita de recuperación, na que se examinará dos contidos de todo o trimestre. Tamén se poderán entregar de novo as prácticas suspensas e as non realizadas, dentro do prazo que se estableza. A nota da avaliación calcularase de novo aplicando as mesmas porcentaxes (80% proba escrita de recuperación + 20% prácticas) Será necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 para poder aprobar a avaliación. 3. RECUPERACIÓN DE TODA A MATERIA Chegado o final de curso, e unha vez feitas as recuperacións de cada avaliación, aqueles alumnos/as que: - Teñan menos de 5 puntos sobre 10 na nota da avaliación ordinaria- Teñan dúas ou tres avaliacións suspensas Deberán facer unha proba escrita de recuperación de todos os contidos do curso. Neste caso, a nota da avaliación ordinaria será a nota desta proba de recuperación, sen considerar as notas das prácticas. Será necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 nesa proba de recuperación para poder aprobar a materia. 4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA Cando un alumno/a suspenda a avaliación ordinaria, poderá realizar unha proba extraordinaria de recuperación de todos os contidos do curso. Para superar a materia, o alumno/a deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 nesta proba. A nota da avaliación extraordinaria será a mesma que a da proba extraordinaria. Non se considerarán as notas das prácticas. Na nota da avaliación extraordinaria aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima sexa inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima sexa igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA DEBUXO TÉCNICO I (PARA ALUMNADO QUE CURSE 2º DE BACHARELATO)

O curso dividirase en dous cuatrimestres (setembro - decembro e xaneiro - abril), procurando que as datas de realización das probas escritas e das entregas non coincidan coas do 2º curso de bacharelato.

En cada cuatrimestre, o alumno/a realizará:

- Un conxunto de exercicios prácticos (25% da cualificación do cuatrimestre: 20% dos exercicios e 5% de claridade e precisión no trazado)
- Unha proba escrita (75% da cualificación do cuatrimestres: 70% da proba e 5% de claridade e precisión no trazado)

A cualificación final será a media aritmética dos dous cuatrimestres.

No caso de non superar a materia polo medio descrito, o alumnado terá dereito a facer unha proba escrita final de toda a materia que suporá o 100% da nota.

Será necesario obter unha cualificación final maior que 5 puntos sobre 10 para superar a materia.

A cualificación definitiva será un número enteiro que se obterá mediante redondeo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

ELECCIÓN NO SEGUNDO CURSO DE MATERIAS CONDICIONADAS Á SUPERACIÓN DAS CORRESPONDENTES MATERIAS DE PRIMEIRO CURSO

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Neste caso, o alumnado deberá acreditar os coñecementos da correspondente materia do primeiro curso.

Esta acreditación poderase realizar:

- a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.
- b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Deixarase constancia desta circunstancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

Nestes casos a materia de primeiro tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación pártese da idea de que a aula é un conxunto de diversidades e do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as particularidades das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto do alumnado e para nós como profesionais da educación.

Esta materia é especialmente integradora, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada resposta a cada actividade proposta. As unidades didácticas referidas ó debuxo técnico poderían ser máis complexas, dependendo das necesidades de cada alumno, polo que é na parte que máis debemos incidir para adaptar os instrumentos metodolóxicos e de avaliación.

Cada curso, como docentes das materias do Departamento de Artes Plásticas, podemos afrontar o reto de ter alumnos con discapacidade visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas particularidades. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ó noso sistema educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes

socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros/os.

A detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico (incluso en calquera momento do desenvolvemento da vida académica) e por iso é importante facer avaliacións iniciais detalladas que aporten información do alumnado no arranque do curso escolar.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:

Supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- No caso de que un alumno non acadar os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames. Dispondremos de unha variedade ampla de mecanismos de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.

- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.

- Pódense valorar a realización de adaptacións curriculares significativas de elementos do currículo. Deseñaranse buscando o maior desenvolvemento posible das competencias. Tomaranse para a avaliación e para a promoción como referencia os elementos fixados nelas. O departamento de orientación encargárase de asesorar e coordinar estas medidas.

- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ao sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente no noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos, incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formar na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - Educar para evitarse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Formar na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X
ET.12 - Educar para evitarse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarse transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais, recollidos no artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, traballaranse ao longo de todo o curso, polo que non se relacionan con unidades didácticas concretas, senon co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas culturais: museos, exposicións, etc.	Programaranse visitas culturais en función da oferta museística e da programación das distintas salas de exposición do Concello e de Galicia.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
PD - Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?

PD - Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Metodoloxía empregada
PE - O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
PE - Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
PE - Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual?
PE - Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
PE - Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
PD - Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
PD - Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
PD - Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
PD - Ofrécese ao alumnado o antes posible os resultados das probas/exames, etc?
PD - Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
PD - Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
PD - Intercálase o traballo individual e en equipo?
Medidas de atención á diversidade
PE - Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
PE - Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
PE - Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
PD - Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
PD - Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
Clima de traballo na aula
PE - Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
PE - Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
PE - Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
PD - Préstase atención aos temas transversais?

Descrición:

Estes indicadores de logro, recollidos nunha táboa, avaliaranse cunha escala do 1 ao 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

MECANISMO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. A programación didáctica revisárase unha vez ao mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.
2. En caso de desfase modificárase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que non teñen peso na cualificación.

MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación da unidade didáctica relaízase mediante unha táboa de valoración, na que estarán recollidos os indicadores de logro que a continuación se relacionan:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os contidos para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución para superar a materia?
- 8.- Asígnase a cada criterio de avaliación o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada criterio de avaliación a un instrumento para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con unidade didáctica os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada criterio de avaliación?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?
- 30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

Cada indicador de logro valorárase de 1 a 4 puntos.

Unha vez analizados os resultados, se fora preciso, introduciranse as melloras necesarias na programación didáctica

do vindeiro curso.

9. Outros apartados